


BOLIVIA



Tít. orixinal: *Bolivia*

Ano: 2001

Duración: 80 min.

País: Arxentina

Dirección: Adrián Caetano

Guión: Adrián Caetano

Música: Los Kjarkas

Fotografía: Julián Apeztiagua

Reparto: Freddy Flores, Rosa Sánchez, Óscar Berteá, Enrique Liporace, Marcelo Videla, Alberto Mercado, Héctor Anglada

Producción: Iacam

Xénero: drama

Non recomendada para menores de 13 anos

Sinopse: Freddy emigra a Bós Aires en busca dunha vida máis próspera. No seu país natal, Bolivia, deixa á súa familia. Sen embargo, a capital arxentina non é o paraíso que Freddy soñou, e moito menos para os emigrantes ilegais como el. Pese a iso, consegue traballo como cociñeiro nun restaurante.

Bolivia, á volta de casa, por Leandro Marqués



non hai para ver, hai moito para dicir.

O bar-restaurante emprazado na esquina de Pazco e Estados Unidos non ten demasiados clientes. Non embargante, conta cuns cantos que nunca faltan. Eles sempre teñen tempo para ir comer un sándwich de chourizo ou para tomar un café ou unha cervexa fría. Amantes, como a maioría dos arxentinos, do fútbol e do boxeo, utilizan a televisión colgada sobre un dos vértices da parede coma o punto de atención da maioría das súas miradas. E cando

Adrián Caetano, uruguaio, codirector xunto a Bruno Stagnaro da prestixiosa "Pizza, birra e faso" é o responsable da dirección e guión de "Bolivia", esta historia sinxela, de baixo presuposto, filmada en branco e negro, que explora o micromundo das personaxes que interactúan no austero bar de Constitución, barrio tradicional de Bós Aires poboado por moitos traballadores honestos – e outros non tanto –, procedentes xeralmente dalgunha provincia arxentina, ou ben de países veciños como Bolivia e Paraguai.



Un carteliño pegado na vidreira solicita a presenza dun cociñeiro e parrilleiro experimentado para comezar a colaborar no local. E Freddy, boliviano recentemente chegado ó país, sen permiso para traballar legalmente, é o home que consegue o posto. "Bolivia" – película que obtivo o premio da crítica no Festival de Róterdam e se presentou con boa aceptación en Cannes e outros festivais internacionais ó longo do 2001 – ofrece un cine silencioso e suxerinte, que fai un uso primordial da linguaxe da cámara.

Ela está aí para rexistrar cada un dos cantos do bar (case toda a película está contada dende alí), retratar miradas e cruces, descubrir situacións e personaxes. Caetano tenta facer fluír a trama, que se ten por sí mesma e, a través dun manexo pausado e calmo dos tempos e ritmos fílmicos, agrada pacientemente a chegada do momento en que todo explota.

Os clientes do bar-restaurante emprazado en Pazco e Estados Unidos son taxistas na súa maioría. Nestes tempos de crise económica na Arxentina, que son duros para todos, tamén o son para os taxistas. Con débedas que os asfixian, e sen perspectivas dun futuro mellor, xúntanse, quéixanse, beben. E algo máis. Para eles o bar é a posibilidade dun escape transitorio. Mentres tanto, Freddy cociña, serve café e trata de adaptarse a ese mundo novo, afastado da súa muller e fillos, que representa Bós Aires para el. Ese é outro punto a favor da cinta, a través das imaxes, dalgúns xestos e actitudes, é posíbel meterse na vida de cada un das personaxes. Coñecelos un pouco.

A discriminación e a marxinação, xeralmente serven como desafogo fronte as propias penas. Son resultado da impotencia e a frustración que se producen ó vivir unha vida non desexada. Ser boliviano, ou ser homosexual, pode servir de branco ideal para a descarga dunha furia interior que non pode conterse. É interesante observar o xeito en que Caetano vai levando a historia, con sutileza, sen impor á forza a súa mirada. É o espectador quen debe captar as imaxes que ve para delinear a súa propia lectura sobre un mundo pequeno e específico, que ten lugar nun bar de Constitución, pero que, non embargante, tamén pode atopar á volta da súa casa.

Comentario de Adrián Caetano



Cando escribín o guión interesábame a historia. Non quixen facer unha radiografía da sociedade, sinxelamente quixen contar unha historia dun bar con sete personaxes. O tema do racismo non estaba moi presente, pero inevitábelmente hai unha serie de temas que ó falar destas personaxes, e ambientalos nese estrato social, aparecen sos e se impoñen.

Creo que o tema central é o enfrontamento entre a xente da mesma clase social, traballadores que están a punto de ser desclasados, e que son intolerantes os uns cos outros. Un retrato da xente traballadora da Arxentina, de persoas que puideron ter un futuro e non o teñen, de xente vencida. Son presa dunha situación

da cal non poden escapar, e as personaxes non parecen darse de conta do que están facendo, ou do que está a pasar. Non elixen o seu destino, o destino elíxeos a eles para protagonizar o que se conta.

“Bolivia” é un conto pequeniño, en branco e negro, dun tipo que se vai a traballar á Arxentina para que as cousas lle vaian un pouco mellor. Hai historias de personaxes, hai unha película que conta algo e non fala de cousas que non sabe, está narrada de xeito sinxelo, non pretende ser máis do que é, “Bolivia” é honesta.